



# PLAN DIGITAL

## CMUS Profesional Manuel Quiroga

Versión 1.0\_ xuño 2022

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O CMUS Profesional Manuel Quiroga é un centro sostido con fondos públicos dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que imparte ensinanzas de Réxime Especial de Música correspondentes ao Grao Elemental e Grao Profesional. Está situado na cidade de Pontevedra, Rúa Virxinia Pereira Renda, nº4. Actualmente, conta cunha matrícula de 505 alumnos (curso 2021-22), e un cadro docente de 72 profesores. A páxina web do centro é <https://www.conservatoriomanuelquiroga.gal> e o correo electrónico [cmus.pontevedra@edu.xunta.gal](mailto:cmus.pontevedra@edu.xunta.gal).

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CMUS Profesional Manuel Quiroga está situado no barrio pontevedrés de A Parda, un barrio cada vez máis importante polo gran número de prestacións coas que conta (un centro de saúde, unha escola infantil, un colexio, supermercados, bancos, etc.).

O alumnado do conservatorio pertence maioritariamente aos municipios da comarca de Pontevedra. O alumnado, con idades que van dende os oito anos ata a adolescencia, presenta características e necesidades moi variadas. Considérase de vital importancia contar cun Plan Dixital no centro, tendo en conta a evolución que as Novas Tecnoloxías están a ter no ámbito educativo en xeral, tanto para o alumnado como para o profesorado. Trataremos que as actividades do centro estean en todo momento interrelacionadas coas Novas Tecnoloxías e, por suposto, de que o noso profesorado poida contar coa formación dixital necesaria para facer fronte a todos aqueles aspectos da súa labor docente.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A nivel normativo, este Plan Dixital baséase en:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

### 1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital leváronse a cabo sesións de traballo periódicas do Equipo do Plan Dixital. Ao mesmo tempo asistiuse a

actividades de formación relacionadas con este plan e realizáronse entrevistas co mentor asignado ao centro.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O conservatorio conta con rede cableada e sinal wifi para todas as aulas, Biblioteca, Sala de Profesores e despachos de Administración.

A nivel de equipamento, o centro dispón de equipos informáticos de sobremesa, portátiles, ipads con conectividade de datos, módems mifi, así como minicadeas de son, gravadoras de son, cámaras de vídeo, micrófonos, auriculares, proxectores, pizarras dixitais. Dependendo de cada caso, estes equipos están xestionados ben a nivel de centro ou ben a nivel de Departamento.

O conservatorio dispón dunha Aula de Novas Tecnoloxías, así como espazos dotados con ordenadores para o uso do alumnado (Biblioteca) e o persoal docente (Sala de Profesores).

Os servizos dixitais educativos con que conta o conservatorio son a páxina web do centro (servizo non corporativo), aula virtual e CentrosNET (acceso web e aplicación móbil).

A xestión do mantemento do equipamento do centro realízase a través do propio centro ou a través de solicitudes a AMTEGA.

### 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

As fontes empregadas para realizar a análise DAFO son a Autoavaliación SELFIE e o Test CDD (Competencia Dixital Docente)

Autoavaliación SELFIE (indícase puntuación media por áreas-grupo, sobre un máximo de 5 puntos):

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	Ensinanzas de Réxime Especial	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.				4,3	
	Profesorado				2,5	
	Alumnado				-	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.				3,1	
	Profesorado				2	
	Alumnado				2,2	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.				3,4	
	Profesorado				2	
	Alumnado				2,7	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.				4,6	
	Profesorado				2,9	
	Alumnado				-	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.				3,4	
	Profesorado				3,3	
	Alumnado				3,5	
F- Pedagogía:	Equipo Direct.				3,2	

Implementación na aula	Profesorado				2,5	
	Alumnado				2,4	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.				2,6	
	Profesorado				2,2	
	Alumnado				2,3	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.				2,4	
	Profesorado				2	
	Alumnado				2,3	

## Test CDD:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>14</u>	<u>38</u>	<u>36,8%</u>
PROVISIONAL	<u>5</u>	<u>15</u>	<u>33,3%</u>
INTERINO	<u>4</u>	<u>13</u>	<u>30,8%</u>
SUBSTITUTO	<u>2</u>	<u>10</u>	<u>20%</u>
DESAPRAZADO	=	=	=

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>81,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
F.P				

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>4%</u>
A2	<u>13</u>	<u>52%</u>
B1	<u>5</u>	<u>20%</u>
B2	<u>5</u>	<u>20%</u>
C1	<u>2</u>	<u>8%</u>
C2	<u>1</u>	<u>4%</u>
TOTAL	<u>27</u>	

## 2.3. Análise DAFO

A partires do Informe SELFIE e do Test CDD xerouse unha análise DAFO que permite realizar unha aproximación á realidade dixital do centro e trazar as liñas fundamentais do Plan Dixital (obxectivos e plan de acción).

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>No noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías Dixitais</li> <li>No noso centro existen dispositivos dixitais para o seu uso na docencia</li> <li>No noso centro existen sistemas de protección de datos</li> <li>O equipo directivo reflexiona connosco sobre as nosas necesidades de FPC en relación ao ensino con tecnoloxías dixitais</li> <li>O profesorado ten acceso a posibilidades de DPC en relación co ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</li> </ul>	
	PERSONAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>O equipo directivo apoia aos profesores a explorar novas formas de ensinar coas tecnoloxías dixitais</li> <li>Os profesores buscan recursos educativos dixitais na Rede</li> <li>O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionada co centro educativo</li> <li>Os profesores utilizan as tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado</li> <li>Os profesores utilizan actividades de aprendizaxe dixital que fomentan a creatividade do alumnado</li> <li>Os profesores utilizan as tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades dos estudantes</li> <li>O equipo directivo axuda ao profesorado a utilizar as tecnoloxías dixitais para a avaliación</li> <li>Os profesores facilitan aos estudantes o uso das tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non existe unha estratexia para avaliar o progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</li> <li>Creación de recursos dixitais por parte do profesorado para reforzar o seu labor docente</li> </ul>
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		<ul style="list-style-type: none"> <li>Non existe unha estratexia definida para que o alumnado desenvolva habilidades dixitais nas diferentes materias</li> </ul>
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> <li>O Plan Dixital é unha oportunidade de cara a dixitalización do centro</li> <li>Existe un mentor que axuda no proceso de dixitalización do centro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Falta de dispositivos dixitais portátiles, propios ou xestionados polo centro, para o uso do alumnado nas instalacións ou para levar a casa</li> </ul>
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		

			<ul style="list-style-type: none"> <li>• O factor tempo impide que os profesores exploren como mellorar o seu método de ensino coas tecnoloxías dixitais</li> <li>• Un débil acceso a Internet pode limitar o ensino e a aprendizaxe</li> </ul>
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

<b>“Área/s de mellora”: Persoal docente</b>							
<b>OBXECTIVO 1 (1):</b>	Fomentar a formación continua do profesorado na competencia dixital					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo e Coordinador TIC					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Participación do profesorado						
<b>Valor de partida (3)</b>	10%						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	70%				Remate do curso		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>		
<b>A01.1: Cuestionario para detectar as necesidades de formación do profesorado</b>	Dirección, CTIC	16/9/2022	Soporte dixital		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>A01.2: Caixa de correo de suxestións de formación TIC</b>	Dirección, CTIC	12/5/2023	Soporte dixital		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>A01.3: Difusión de actividades de formación TIC</b>	Dirección, Vicedirección, CTIC	12/5/2023	Soporte dixital		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		



### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Persoal docente						
<b>OBXECTIVO 2 (1):</b>	Adquirir as competencias dixitais básicas para a xestión da documentación docente e o uso das aplicacións corporativas				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo e Coordinador TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Uso por parte do profesorado das aplicacións para a xestión da documentación docente e das aplicacións corporativas					
<b>Valor de partida (3)</b>	60%					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	90%			Remate do curso		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Formación sobre a xestión da aplicación CentrosNET	Dirección, CTIC	Remate do primeiro trimestre	Recursos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Formación sobre o uso de aplicacións de procesamento de texto, follas de cálculo	Dirección CTIC	Remate do segundo trimestre	Recursos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Formación sobre a xestión da Aula virtual, Webex	Dirección, CTIC	Remate do segundo trimestre	Recursos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR:** Permitirán **avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

### **ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase A01.1., a segunda A01.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

**(10) ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Atendendo ás necesidades de equipamento, infraestruturas e servizos dixitais, o conservatorio precisa de:

- **5 ordenadores portátiles para o persoal docente**, destinados a traballar na aula contidos do currículo das materias. Estes portátiles estarían á disposición do profesorado pola modalidade de reserva-empréstito para o seu uso no centro.
- **2 ordenadores portátiles específicos para o Equipo TIC / Equipo do Plan Dixital**, como ferramentas de traballo e dispositivos nos que poder ter centralizada a información e documentación xerada polos devanditos equipos.
- **2 ordenadores de sobremesa para o persoal docente**, destinados á xestión da documentación docente e a traballar na aula contidos do currículo das materias. Estes ordenadores estarían á disposición do profesorado na Sala de Profesores e/ou Biblioteca.
- **5 ordenadores portátiles á disposición do alumnado** pola modalidade de reserva-empréstito, para levar a cabo tarefas relacionadas con contidos do currículo das materias.
- **1 gravadora de son**, como ferramenta para traballar contidos do currículo das materias.
- **1 cámara de vídeo**, como ferramenta para traballar contidos do currículo das materias.
- **Licenza de Office 365 para o persoal docente**, con acceso ás aplicacións do paquete Office, para realizar a xestión da documentación docente, e a creación de contidos relacionados co currículo das materias.
- **Licenza de Google Workspace para o persoal docente**, con acceso ás aplicacións do paquete Google, para realizar a xestión da documentación docente, e a creación de contidos relacionados co currículo das materias.
- **Espazo de aloxamento web** para a creación dun laboratorio dixital dirixido a profesorado e alumnado, destinado a experimentar con ferramentas en liña de produción de contidos -materiais didácticos, recursos e creacións artísticas-, en diversos formatos -texto, imaxe, audio, vídeo, multimedia-, relacionado con contidos do currículo das materias.
- **Licenza de software musical** para instalar nos dispositivos do centro para o uso do profesorado e do alumnado coa finalidade de traballar contidos do currículo das materias: *Sibelius* (edición de partituras), *Finale* (edición de partituras).

### 4. Avaliación do plan

Realizarase un seguimento continuo, ao longo de curso, do grao de cumprimento dos obxectivos do Plan Dixital para avaliar o plan e introducir posibles modificacións ou propostas de mellora (avaliación

procesual). Este seguimento realizarase a través de cuestionarios ao profesorado, índice de participación nas actividades de formación e análise a través dos diferentes órganos de goberno do centro. Levarase a cabo unha avaliación do grao de execución das accións, análise e valoración de resultados.

Para a avaliación final cada departamento poderá recoller na Memoria do curso as súas reflexións e/ou propostas de mellora.

## 5. Difusión do plan

Unha vez o Plan Dixital estea aprobado polo Consello escolar e presentado no Claustro, a difusión realizarase a través da páxina web do centro.